

## PEIXE

XISCO FEIJOÓ

Eu ben vin o peixe, lereixe  
Na batelada, larada  
Cunha rapeta, lereta  
Aprendendo a pescador  
Ai! Miñoto, se te eu non vexo, ai, canta-dor!  
  
 Eu ben vin o peixe, lereixe  
Brilar a prata, larata  
Coa varredoura, leroura  
Aprendendo a pescador  
  
 Eu ben vin o peixe, lereixe  
Nunha enxurrada, larada  
Cun alixerife, lerife  
Aprendendo a pescador  
Ai! Miñoto, se te eu non vexo, ai, canta-dor!  
  
 Eu ben vin o peixe, lereixe  
Mover o rabo, larabo  
Coa caniveta, lereta  
Aprendendo a pescador  
  
 Atirei unha laranxa  
Nacida dun limoeiro  
Se o xogo non for engano  
Corre Portugal enteiro  
  
 Foi prender naquela puza  
Foi o caldo que o apurou  
Parido no mes de agosto  
E coa seca non medrou  
  
 [retrouso]  
  
 E se non for, e de non ser, e que non fora  
Galo de río, peixe de curral  
E se non dar, e de non der, que non mo dera  
Crista mollada, raspa a secar  
Ai la la la  
  
 Non vos din en reparar  
Nas falas que leva o vento  
Pensar que contigo soio  
Tiña de pasar o tempo

ari[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

Promove: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela,  
ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

Organizan: Escola Oficial de Idiomas e Concello de Santiago de Compostela

Patrocinan: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro Cultural Portugués de Vigo

Colaboran: Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.



aritmar.gal

Cantante de capoeiro  
Miñoto, gallo galán  
Para quen turra e más non quere  
Tenche meu pai moi pan  
  
 [retrouso]  
  
 Eu ben vin o peixe lereixe  
Na Pedra Bela, lerela  
Co seu trasmallo, carallo!!!  
Deprendendo a pescador  
Ai! Miñoto, se te eu non vexo, ai canta-dor!  
Eu ben vin o peixe, lereixe  
Tirar a cana, larana  
Coa súa fisga, lirisga  
Deprendendo a pescador  
  
 Haiche ben troitas de monte  
Pitos cairos de ribeira  
Agora aquence os xoellos  
Nas muxicas da lareira  
  
 A vida desta maquia  
No inferno ha considerar  
Moito viraron as penas  
Moito más ten de virar  
  
 [retrouso]  
  
 Eu ben vin o peixe, lereixe  
Na batelada, larada  
Na Pedra Bela, lerela  
Co seu trasmallo, carallo!  
Ca sua fisga, lirisga  
Deprendendo a pescador  
  
 ....  
Ai! Miñoto, se te eu non vexo ai, canta-dor!

## E SE EU FOSSE EU?

WILMA VIEIRA

Menina de cor. Cordel d' prata, 2021, p. 99.

E se eu fosse eu?  
Desprendido de minhas crenças debilitantes  
E desse desejo incapacitante  
Que aprisiona os meus lábios e dedos

E se fosse eu,  
Não por vontade, mas por obrigação  
De a diversidade estender minha mão?

E se eu fosse eu,  
E florescesse como a criança que um dia fui?  
Confiante!  
Comprometida com ousadia  
Amante dos dias

## Como eu seria, se eu fosse eu?

Quem me dera,  
Deixar de ser uma cópia à risca  
De um original que se perdeu de vista  
E talvez, nem exista

## ANORAK DE PEL DE CARIBÚ

LÚA MOSQUETERA

VVA, 15 voces da nova poesía galega.  
GADISA, 2021

Se vas vir,  
ven sen o reloxo.

Podes levar, de ser o caso  
de estarmos a vivir un inverno estameado  
cheo de poalleira conxelada  
na pel das plantas da túa terraza  
do teu piso  
de aluguer,  
un anorak de pel de caribú.  
Podes levar, de ser a desgraza imparábel,  
de ser a sorte inimiga,  
unha máscara tapabocas  
unhas luvas antialoumiños  
un certo medo no peito amarrado  
para evitar calquera tipo de contaxio.  
Podes levar,  
por que non,  
enrugada no peto do vaqueiro,  
pegadiña ao profiláctico premeditado,  
unha ilusión cativa  
de que todo vai saír  
como o imaxinaches nun soño  
que tiveches nos primeiros do 2000,  
onde soñar suplia  
todas as redes sociais do teu móvil de agora.

Mais de vires,  
deixa que fite  
cunha cacharela en cada olllo  
o teu pulso nu.

E deixa que pense  
que maña  
é só  
unha falacia  
inventada polos académicos da lingua.

**GALA**  
dos premios  
**da MÚSICA**  
e da **POESÍA**  
galego-portuguesas




**XISCO FEIJOO · ANA MOURA**  
**WILMA VIEIRA · LÚA MOSQUETERA**  
**PONTE NAS... ONDAS!**

Outono 2022 · Santiago de Compostela

ari[t]mar-é  
galiza e portugal

eoI  
escola oficial  
de idiomas  
santiago  
de compostela





# aRi[t]mar-é

galiza e portugal

**aRi(t)mar galiza e portugal** é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, que celebra este ano a súa séptima edición, e ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada na Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua comúns dos dous países, no cuadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía .

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla é feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. Dito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecente do premio especial á embaixada da amizade galego-lusófona

## Palmarés de gañadores de músicas e poesías publicadas en 2021

### Músicas gañadoras:

Galiza: PEIXE. **XISCO FEIJÓO**

Portugal: ANDORINHAS. **ANA MOURA**

As segundas más votadas:

Pobo de Artistas. **DAKIDARRÍA**, Gz.  
Estou por todo. **MIGUEL ARAÚJO**, Pt.

As terceiras:

Maneo de Cambre. **CAAMAÑO&AMEIXEIRAS**, Gz.  
Eco. **CAROLINA DESLANDES**, Pt.

### Poesías gañadoras:

Galiza: Anorak de pel de Caribú. **LÚA MOSQUETERA**

Portugal: E se eu fosse eu?. **WILMA VIEIRA**

As segundas más votadas:

Couza. **INMA DOVAL PORTO**, Gz.  
Comprar um móvel com muitas gavetas. **RAQUEL SEREJO MARTÍNS**, Pt.

As terceiras:

Medrei na arela desa pantasma. **TERESA RÍOS NOYA**, Gz.  
A cada degrau. **SÉRGIO GODINHO**, Pt.

Premio especial do xurado á embaixada da amizade galego-lusófona: **PONTE... NAS ONDAS!**



## XISCO FEIJÓO


Peixe é o nome da canción elixida como mellor do 2021 na Galiza, pero tamén do que é o primeiro traballo discográfico de Xisco Feijóo en solitario. Este bailador, coreógrafo, presentador de televisión, mestre e cantor ten participado en máis de vinte traballos e presentacións de artistas de proxección internacional como Mercedes Peón, Xosé Manuel Budíño, Carlos Núñez, Kepa Junquera, Berrogüetto ou Rodrigo Romaní. Foi tamén actor e bailador en 'MIDAS', último video clip das súas amigas e recoñecidas 'Tanjugueiras'.

"Peixe" é un canto á aceptación e á natureza única, incoherente e irrepetible do ser humano, no que unha fonda tradición emerxe grazas a unha mirada recuperadora pero tamén actual e contemporánea.



## ANA MOURA

Andorinhas é a primeira música do novo camiño que a fadista de maior sucesso do presente século, Ana Moura, iniciou depois de romper con a sua gravadora e comezar a criar e producir música de uma forma mais diversificada e independente. Este tema é um bom exemplo deste novo camiño, oscilando entre uma voz fadista e uma envolvência musical que, embora ainda reminisciente da música nacional portuguesa, tamén se aproxima de ritmos contemporáneos como a electrónica. O tema foi definido por fontes próximas á artista santareña como "símbolo de liberdade e emancipación, de pura creatividade", o que sem dúbida marca un punto de virada na carreira de una figura que já ultrapassou un millón de vendas en todo o mundo.



## LÚA MOSQUETERA

Compromiso, renovación e ruptura son tres palabras que califican con precisión a obra de Lúa Mosquetera. A autora, orixinaria da coruñesa vila de Miño, abandona os tópicos más recurrentes da poesía nunha, a súa, sempre recitada sobre música (se pode ser en directo) e defensora dunha lírica separada do elitismo. "Anorak de pel de caribú", a poesía gañadora do premio a Mellor Poesía do Ano na Galiza, formou parte da antoloxía "15 voces da nova poesía galega" e será publicada nun poemario da autora neste 2022 con Galaxia.



## WILMA VIEIRA

Ela tem apenas 24 anos, mas há muitos usa a poesía como ferramenta para expressar sua visión de vida. Depois de participar en varias antologías, Wilma Vieira, cabo-verdiana e adoptiva portuguesa, foi lanzada en 2021 con o seu libro de poemas "Menina de Cor", libro que contén "E se eu fosse eu", poema que ganhou o premio de Melhor Poesía do Ano en Portugal. A peza dá conta de como, na obra de Wilma Vieira, a reflexión sobre a propia vida torna-se uma reflexión sobre a vida de qualquer um e, portanto, uma visión lírica e existencial da vida de todos.

## PNO! PONTE...NAS ONDAS!

## PONTE...NAS ONDAS!

Coa finalidade de promover a existencia dunha identidade común entre os pobos galego e portugués, Ponte... nas Ondas leva máis de vinte e cinco anos organizando actividades culturais e pedagógicas na Galiza e na zona norte de Portugal. Creada en 1995, esta entidade naceu aproveitando a construción dunha ponte física entre as localidades de Monção e Salvaterra de Miño e estableceu unha ponte comunicativa a través do medio radiofónico. A primeira actividade desenvolvida pola entidade foi levada a cabo por alumnado de 16 escolas de amba as dúas beiras do Miño, utilizando os estudos Ecos da Raia de Monção e outros situados na Casa da Cultura de Salvaterra de Miño.

Foron numerosos os galardóns recibidos por esta iniciativa antes de obter o recoñecemento do aRi[t]mar galiza e portugal. Entre os premios más importantes cónstanse un Premio ONDAS, acadado no ano 2014 pola "mellor cobertura informativa do patrimonio inmaterial galego-portugués", e o Premio Galicia de Comunicación, outorgado no 2005 pola Xunta..

## ANDORINHA

ANA MOURA

Passo os meus días em longas filas  
Em aldeias, vilas e cidades  
As andorinhas é que são rainhas  
A voar as linhas da liberdade

Eu quero tirar os pés do chão  
Quero voar daqui p'ra fora e ir embora de avião  
E só voltar um dia  
Vou pôr a mala no porão  
Saborear a primavera numa espera e na estación

Um dia disse uma andorinha  
Filha, o mundo gira, usa a brisa a teu favor  
A vida diz mentiras  
Mas o sol avisa antes de se pôr

Eu quero tirar os pés do chão  
Quero voar daqui p'ra fora e ir embora de avião  
E só voltar um dia  
Vou pôr a mala no porão  
Saborear a primavera numa espera e na estación

Já a minha mãe dizia  
Soltá as asas, volta as costas  
Sê forte, avança p'ra o mar  
Sobe encostas, faz apostas  
Na sorte e não no azar